



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE OROSO PARA O FINANCIAMENTO DA RENOVACIÓN DO MOBILIARIO DO LOCAL DAS PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE OROSO

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Oroso instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Oroso para o financiamento de actuacións de mellora integral do Local dos Maiores do Concello de Oroso, mellorando así as condicións de salubridade e a eficiencia enerxética do devandito centro, co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas que fan uso deste.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Oroso adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 2.9.2008, e conta cun inmobile sito na rúa do Campo número 9, baixo, no centro de Sigüeiro, no que están ubicados diversos servizos





do Concello de Oroso, entre os que se inclúe o Local dos Maiores. Este local destinado á realización de actividades dirixidas ás persoas maiores do Concello de Oroso presenta diversas deficiencias relativas á iluminación e climatización, aos acabados do local así como no que atinxe ao mobiliario, que precisa da súa renovación, para o cal o Concello de Oroso, está a acometer as actuacións para a mellora do sistema de iluminación e climatización do referido local, e os seus acabados.

Co fin de posibilitar, no marco da mellora integral do antedito centro, a mellora do mobiliario deste, mellorando así a accesibilidade e confortabilidade do referido centro e emendando as deficiencias detectadas neste sentido, resulta necesario acometer a renovación do mobiliario, non dispoñendo o Concello de Oroso dos recursos necesarios para sufragar os gastos necesarios para a adquisición de novo mobiliario para o centro.

Tendo en conta que o concello non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo a referida actuación, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento da renovación do mobiliario do devandito centro, o que permitirá ao Concello de Oroso mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades no dito centro, proporcionando así unha adecuada atención ás persoas que precisan facer uso deste.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de mellorar as condicións de accesibilidade e de confortabilidade do Local dos Maiores de Oroso, posibilitando unha mellor atención ás persoas usuarias deste, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26°.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Oroso para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 17.941,88 euros, con cargo á partida 08.90 311A 760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2025

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.





O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

